

ACTA da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA

Nome: ROBERTO	1.º apelido: AMARELLE	2.º apelido: GARABÁN	NIF: 44838951Z
Federación: F. GALEGA DE ORIENTACIÓN (FEGADO)	Cargo: SECRETARIO		

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Lugar:	https://acortar.link/gnMGXP		
Data:	01/12/2025	Hora:	21:30 h

PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela	X	
Teresa Bellón Santos	Responsable O-pé	Aromon	X	
Alicia Pérez Alonso	Responsable MTBO	Raza Palleira	X	
Adrián Pérez Alonso	Responsable Raids	Raza Palleira	X	
Pelayo García Acevedo	Responsable Trail-O	Aromon	X	
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros		X

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior (03-11-2025)

Apróbase por unanimidade a acta da Xunta directiva anterior celebrada o día 03/11/2025.

2. Edora Consulting

Informa Claudia de que esta empresa é a que fai as auditorías sobre protección de datos de carácter persoal na Federación. Informa de que hai cousas que cambian, que xa leva 2 anos informando e non se chegaron a cambiar por consideracións do xestor web. Xa pasou certos cambios: nas facturas a tesourería, e o que queda por facer é incluír cambios en textos legais e cláusulas para cumprir a Lei de protección de datos (enlace a documento que os federados poidan ler, e que non existe actualmente). Aproveitando a nova tramitación de licenzas para 2026, habería que actualizar o documento de información e cláusulas novas que firmen os federados, novos e antigos para a próxima tempada, e que será válida para o futuro, todo o tempo que sexan federados. A idea sería que se envíe aos clubs, ou aos deportistas o asinen dunha ou outra maneira, que se decida, pero que é necesario.

3. Web Fegado

Hai alguhas cláusulas legais que incluír na web. As necesidades as ten o vocal de raid e darálles forma para incluír na web e así cumprir a legalidade vixente..

4. Asamblea técnica

A presidenta informa da baixa participación na mesma, e pasa a palabra ao Director Técnico, que informa das 7 propostas que se levaron, e reitera a baixa participación na mesma. Faise un resumo das decisións tomadas, que remiten o acta da asamblea. Informa de que unha das cláusulas relacionada coa necesidade de ambulancia ou non en certas probas de baixo impacto e participación, pero que xerou certas dúbidas que

se terían que consultar (en referencia á legalidade ou non), e se pospón para a Asamblea Xeral, do próximo mes de decembro.

5. IOF WBGT

Clinic de xuíces internacionais en novembro, ao que acude a presidenta, e informa de que IOF iniciou un grupo de traballo (WBGT), para tratar o tema das políticas de calor, que xa se fai en empresas, para evitar accidentes como os acontecidos o pasado verán por mor de condicións de clima extremo en China. Transferiu esta información a FEDO, onde tamén se forma grupo de traballo, co obxectivo de avaliar a importancia de este tema, e tendo en conta que non hai nada todavía ningún termo de obrigado cumprimento, polo momento.

6. Asamblea xeral

Farase un resumo dos contidos da Asamblea Técnica e espérase que exista maior participación. Informa das poucas probas actualmente no calendario, e o preocupante desta situación para a liga en 2026. Se propoñen ideas para incentivar que os clubs fagan competicións para incluír no calendario: podería ser incentivo económico de pagamento de ambulancias ou organizacións que fagan probas, abrese un debate sobre a situación actual, con distintas intervencións.

7. Convenios e organización de probas baixo o amparo de Fegado

Comenta o Director técnico a idea presentada, con idea ao longo prazo, como promoción da orientación por medio de adestramentos, que buscan a participación a nivel provincial no deporte de orientación. Petición de Fran Varela con apoio federativo a clubs que participen neste programa de promoción, mediante voluntarios aportados e materiais para organización de pequenas probas locais (adestramentos). Idea de facer tamén algunha dotación económica, ou non, ou facer ranking, facilitar as inscricións, e outras ideas para debatir, en Asamblea, si fora pertinente, coa finalidade de abrir o debate entre clubs e tomar decisións.

8. Rogos e preguntas

Intervén Adrián Pérez para indicar que é necesario incentivar aos organizadores de probas para que puntúen en todas as probas do ranking, aínda que sexa como puntuación de club. O responsable de ranking aclara que hai corredores que non correron probas e non poden puntuar en individual, ou que correron xa o máximo de probas como organizador e tampouco puntúan como individual, nin como club: que se traduza nunha proposta para Asamblea Xeral.

Continúa Adrián Pérez sinalando que vai propor a FEDO a ampliación da categoría xuvenil de menores de 14 ata 25 anos.

Finalmente intervén Jorge Piñeiro para indicar a necesidade de publicar un Protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte a violencia no deporte. Continúa a presidenta indicando que ese protocolo xa está elaborado e que o único que falta é publicalo.

E sen máis asuntos que tratar, a Presidenta da Federación Galega de Orientación (FEGADO) dá por finalizada esta sesión da Xunta Directiva, sendo as 23:51 horas do día antes indicado do que, como secretario, dou fe e asino dixitalmente o presente documento.